



## AUGAS DE GALICIA

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE



## I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2024 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

### I.1. Descrición da entidade

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, crea e regula Augas de Galicia, como ente público da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, con personalidade xurídica de seu e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e das competencias reguladas por esta lei.

Tal e como establece a citada lei, a comunidade autónoma de Galicia exercerá as súas competencias en materia de augas conforme aos seguintes principios:

- a) Utilización sustentable e racional da auga e contribución á preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos.
- b) Compatibilidade da xestión pública da auga coa ordenación do territorio, a actividade económica, a conservación e a protección do medio ambiente.
- c) Unidade de xestión e planificación da súa propia demarcación hidrográfica.
- d) Participación das persoas usuarias, transparencia e información ao público en xeral.
- e) Garantía da calidade da subministración da auga urbana en defensa da saúde dos cidadáns e das cidadás.
- f) Garantía de eficacia na prestación dos servizos públicos de abastecemento, de saneamento e de depuración.
- g) Recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos medioambientais, para acadar a suficiencia financeira do sistema no marco dun prezo accesible.
- h) Solidariedade territorial nos investimentos en infraestruturas e de equidade social nas políticas tarifarias na prestación dos servizos da auga.
- i) Coordinación e cooperación entre as administracións públicas con competencias en materia de auga e obras hidráulicas.

Complementariamente a estes principios a lei establece os seguintes obxectivos medioambientais en materia de auga:

- a) Acadar un uso racional e respectuoso co medio ambiente, que asegure a longo prazo a subministración necesaria de auga en bo estado, de acordo co principio de pru-

dencia e tendo en conta os efectos dos ciclos de seca e as previsións sobre o cambio climático.

b) Previr a deterioración do estado de todas as masas de auga, de superficie, subterráneas e das zonas protexidas, e, se for o caso, restauralas co obxecto de acadar o bo estado ecolóxico delas. Para isto definiranse, implementaranse e garantiranse os caudais ambientais necesarios para a conservación ou a recuperación do bo estado ecolóxico das masas de auga.

c) Reducir progresivamente a contaminación procedente das verteduras ou dos usos que prexudiquen a calidade das augas na fase superficial ou subterránea do ciclo hidrolóxico.

d) Compatibilizar a xestión dos recursos naturais coa salvagarda da calidade das masas de auga e dos ecosistemas acuáticos.

En desenvolvemento regulamentario da lei de augas de Galicia ditouse o Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia que establece que as grandes liñas de actuación de Augas de Galicia diríxense nos seguintes sentidos:

a) Utilización sustentable e racional da auga e contribución á preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos.

b) Compatibilidade da xestión pública da auga coa ordenación do territorio, a actividade económica, a conservación e protección do ambiente e a restauración da natureza.

c) Unidade de xestión e planificación da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

d) Participación das persoas usuarias, transparencia e información ao público en xeral.

e) Eficacia na prestación dos servizos públicos de abastecemento, saneamento e depuración.

f) Recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos ambientais, para acadar a suficiencia financeira do sistema no marco dun prezo asequible.

g) Coordinación e cooperación entre as administracións públicas con competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

h) Garantía da calidade da subministración da auga urbana en defensa da saúde dos cidadáns e das cidadás.

i) Solidariedade territorial nos investimentos en infraestruturas e de equidade social nas políticas tarifarias na prestación dos servizos da auga.

A actividade da entidade está tamén condicionada polo estipulado na Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, que ten por obxecto:

a) Garantir a prestación adecuada dos servizos de abastecemento de auga en alta ou adución e a subministración de auga en baixa ou distribución apta para o consumo humano, en todo o territorio de Galicia, cando exista un episodio de seca, tendo en conta os recursos hídricos dispoñibles.

b) Establecer as normas e as medidas para o aproveitamento dos recursos hídricos, no ámbito da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, nos períodos en que exista un episodio de seca, co fin de reducir a vulnerabilidade fronte a este evento, buscando unha garantía no abastecemento á poboación en equilibrio co medio natural e tendo en conta os posibles efectos do cambio climático.

c) Garantir a protección da saúde pública ante situacións de risco sanitario no abastecemento ou na subministración de auga para o consumo humano, en todo o territorio de Galicia.

d) Minimizar os efectos negativos sobre as actividades económicas, segundo a priorización de usos establecidos na lexislación de augas e nos plans hidrolóxicos.

En 2022 entrou en vigor a Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga. A súa finalidade é contribuír á garantía da satisfacción das necesidades básicas do uso da auga, en condicións axeitadas de cantidade e calidade, e a protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres asociados. Os obxectivos concretos desta Lei son:

a) A mellora da eficiencia na prestación dos servizos públicos relacionados co ciclo integral da auga.

b) Unha xestión sustentable no uso da auga a través da integración dos sistemas de abastecemento e dos sistemas de saneamento e de depuración.

c) Unha xestión profesionalizada das infraestruturas vinculadas ao ciclo integral da auga e dos servizos asociados a estas.

d) O establecemento de mecanismos disuasorios para fomentar un uso racional dos recursos hídricos e o aforro da auga.

e) A optimización do funcionamento das redes de saneamento co obxecto de mellorar a depuración das augas residuais e de previr a contaminación.

f) A coordinación das administracións públicas con competencias na xestión do ciclo integral da auga e o establecemento de instrumentos de cooperación acordados entre elas.

Durante 2023 aprobouse o Decreto 50/2023, do 11 de maio, polo que se modifica o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, e publicouse a Resolución do 7 de xullo de 2023 pola que se ordena a publicación dos acordos do Consello da Xunta de Galicia do 1 de xuño e do 6 de xullo de 2023 polos que se aproba e se modifica, respectivamente, a relación de postos de traballo da entidade pública empresarial Augas de Galicia. Por último, o 11.08.2023 publicouse no DOG a Orde do 4 de agosto de 2023 pola que se resolve o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo da extinta empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos, adscrito á entidade pública empresarial Augas de Galicia.

### 1.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
E2	GALICIA VERDE

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E2	PA.2.4	IMPULSAR UN MODELO DE CRECEMENTO SOSTIBLE QUE APROVEITE AS POTENCIALIDADES DO MEDIO, DANDO PRIORIDADE Á XESTIÓN EFICIENTE DO CICLO DA AUGAS, Á ECONOMÍA CIRCULAR E Á PROTECCIÓN DO PATRIMONIO NATURAL

A acción de Augas de Galicia está totalmente aliñada co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030. Así, dos cinco eixes estratéxicos deste Plan, o Eixe 2. Galicia verde e sostible, engloba todas as funcións que se desenvolven neste organismo.

Tal e como se recolle no propio Plan Estratéxico, o obxectivo dunha Galicia verde e sostible non debe circunscribirse unicamente a cuestións ambientais (recursos naturais de todo tipo) senón que excede ese ámbito para converterse nun obxectivo cun carácter transversal que impacta en todos os eixes do Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030. O punto de partida debe ser o recoñecemento de que o modelo económico lineal imperante xera múltiples problemas ambientais: a sobreexplotación dos recursos e a xeración de residuos que producen contaminación, ademais de provocar a destrución dos bosques e a perda de biodiversidade, entre outros. Todo o anterior ten consecuencias que van máis alá das estritamente ambientais, xa que son causantes de impactos negativos sobre a saúde humana, o consumo dos servizos ambientais proporcionados polo territorio galego, e tamén sobre as actividades económicas.

O Plan Estratégico 2022-2030 está estruturado en tres niveis principais: eixe, prioridade de actuación e obxectivo estratégico. En concreto, consta de 21 prioridades de actuación, das cales todas as actuacións de Augas de Galicia encádranse na 2.4.

Prioridade de Actuación PA 2.4 Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.

A prioridade 2.4 do Plan Estratégico de Galicia, na que se encadra toda a actividade, desagrégase en 3 obxectivos estratégicos.

Obxectivos estratégicos da Prioridade de Actuación:

2.4.1 Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga.

2.4.2 Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento, diminuíndo as diferenzas territoriais existentes. Mellorar as infraestruturas implicadas en todo o proceso de extracción e distribución, evitando fugas e despilfarros innecesarios, potenciando a eficiencia dos sistemas. Conseguir unha estrutura tarifaria que respecte o principio de recuperación de custes da Directiva Marco da Auga.

2.4.3 Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade das augas no seu medio natural reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos. Aumentar a eficiencia no uso dos recursos hídricos en todos os sectores e fomentar a redución dos consumos. Reducir a vulnerabilidade da poboación, do medio natural e das instalacións fronte aos riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.

Ademais, as actuacións de Augas de Galicia enmárcanse dentro do Obxectivo Seis de desenvolvemento sostible: Auga limpa e saneamento da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, e do Obxectivo Prioritario OP2. Unha Europa máis verde e baixa en carbono (...) 2. Unha Europa máis verde e baixa en carbono (...) 2.v) Promovendo unha xestión hidrolóxica eficiente.

### I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2024	2025	2026
OE.2.4.1	Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas,	53.130.406	50.306.391	47.025.289
OE.2.4.2	Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento, diminuíndo as diferenzas territoriais existentes	45.474.878	43.057.773	40.249.443
OE.2.4.3	Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade das augas no seu medio natural reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais	38.791.073	36.729.230	34.333.662
<b>TOTAL</b>		<b>137.396.357</b>	<b>130.093.394</b>	<b>121.608.394</b>

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2024	2025	2026
OI01	Actuacións de soporte e apoio (Gastos de funcionamento)	798.334	755.901	706.599
0001	Aumentar a transparencia na xestión dos recursos hídricos, promovendo a participación pública para acadar unha maior gobernanza.	474.610	449.383	420.073
0002	Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración dos cidadáns de Galicia, diminuíndo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia e eficiencia	51.857.462	49.101.107	45.898.616
0099	Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	152.371	144.272	134.862
OI01	Actuacións de soporte e apoio (Gastos de funcionamento)	2.523.842	2.389.693	2.233.832
0001	Aumentar a transparencia na xestión dos recursos hídricos, promovendo a participación pública para acadar unha maior gobernanza.	5.310.201	5.027.950	4.700.015
0002	Identificar e priorizar as actuacións necesarias en materia de abastecemento autónomo nos municipios galegos	1.357.510	1.285.355	1.201.521
0003	Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de abastecemento dos cidadáns de Galicia	36.130.954	34.210.503	31.979.212
OI01	Actuacións de soporte e apoio (Gastos de funcionamento)	15.202.520	14.394.468	13.455.626
0001	Reducir a vulnerabilidade da poboación e das instalacións relacionadas co ciclo do uso da auga fronte aos riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.	9.599.425	9.089.191	8.496.373
0002	Garantir a protección e mantemento do Dominio Público Hidráulico da demarcación hidrográfica Galicia Costa.	13.729.257	12.999.513	12.151.656
0003	Establecer un marco de colaboración entre as administracións hidráulicas e as entidades locais para definir claramente a interacción entre a urbanización e as inundacións	200.000	189.369	177.018
0004	Formar e sensibilizar no sistema educativo obrigatorio (primaria e secundaria). Intensificar a colaboración entre os axentes do ámbito educativo	59.871	56.689	52.991
<b>TOTAL</b>		<b>137.396.357</b>	<b>130.093.394</b>	<b>121.608.394</b>



INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2024	2025	2026	UNIDADES
P00437	Actuacións de colaboración para mellora da xestión	273	275	276	actuacións
P01124	Tubaxes melloradas recollida augas residuais	20	27	19	km
P00153	Actuacións de saneamento e depuración	168	169	170	actuacións
P00318	Volume das augas residuais tratadas nas EDAR	159.249	159.249	159.249	m3/día
DOC019	Poboación adicional beneficiada	123.425	123.400	123.000	poboación equivalente
DOC020	Poboación beneficiaria medidas de prevención	20.271	23.000	25.000	poboación equivalente
P00214	Número de puntos de vertedura emendados	150	150	150	puntos de vretedura
P00436	Protección, conservación e mellora DPH	26	26	26	actuacións

O orzamento de Augas de Galicia para o ano 2024 contempla un ambicioso programa de acción que permita abordar os retos de futuro na xestión da auga. Este programa estrutúrase nos seguintes apartados:

**Auga de calidade:** O obxectivo deste apartado é continuar colaborando cos concellos para que dispoñan duns sistemas de saneamento e depuración sostibles, preparados para afrontar os retos de futuro. O importe asignado é de 85,1 M€. Dentro deste apartado inclúense os traballos necesarios para explotar as as depuradoras daqueles concellos que deixaron en mans da Xunta a explotación das súas instalacións municipais, o desenvolvemento do programa de control de verteduras desta entidade, e as actuacións de conservación fluvial que leva a cabo o organismo.

Tamén se agrupan baixo este epígrafe importantes obras de saneamento e depuración municipais, tal e como se detalla no apartado de investimentos, como a EDAR de Tragove, de Cambados e Vilanova de Arousa, e a Mellora do saneamento de Cambados, a Nova EDAR de Foz, a Mellora das redes de saneamento de Burela, a Mellora do saneamento de Cabanelas, en Cambados e Ribadumia, a Mellora do saneamento de Cee – Corcubión, a Mellora do saneamento de Lameira, en Marín, a Mellora da EDAR de Noia, a Mellora do saneamento de Vilagarcía, a Mellora do saneamento de Pontedeume e Cabanas, as obras no Colector do río Sardiña, en Ferrol, a Mellora do saneamento en Lalín ou a Nova EDAR de Sada.

Para acadar os obxectivos da auga de calidade, no orzamento de 2024 prevese continuar coa colaboración cos concellos para a execución de importantes obras de saneamento municipais, tales como a Nova EDAR de Vilagarcía, o Saneamento do Rural de Ferrol, a Nova EDAR de Arcade, a Mellora do sistema de saneamento de A Illa de Arousa, e facilitando, mediante a aportación de fondos propios de Augas de Galicia, que a Administración Xeral do Estado poida empregar os fondos europeos que se lle asignan para a execución de obras tan relevantes como a Nova EDAR de Pontearreas ou a Nova EDAR de Silvouta.

Esta parte do programa de acción de Augas de Galicia para o ano 2024 está totalmente aliñado coa Lei 1/2022, de mellora da xestión do ciclo integral da auga. Así, inclúense medidas específicas para que os concellos melloren as verteduras ás redes de colectores e reduzan as entradas de augas brancas aos seus saneamentos, realizando auditorías para diagnosticar a situación e localizar os puntos de entrada.

Neste contexto, o novo Plan de Saneamento de Galicia, cuxa segunda fase se iniciará con cargo aos orzamentos de 2024, pretende ser a referencia para a mellora do saneamento e a depuración na Comunidade Autónoma, onde se programen actuacións necesarias para adaptarse ás esixencias que a Comisión Europea está recollendo nunha nova Directiva de augas residuais, de tal xeito que Galicia sega sendo un modelo nesta materia.

Por último, auga de calidade implica tamén contar con ríos resilientes, con capacidade para adaptarse a eventos climáticos extremos, buscando sempre que as actividades humanas e económicas vinculadas a auga se poidan desenvolver coa menor afección posible aos ecosistemas acuáticos. Para iso, o orzamento para o ano 2024 contempla a implantación de importantes medidas de restauración fluvial no río Umia, e actuacións para reducir o risco de inundacións nos ríos Anllóns, en Carballo, Miñor e Zamáns, en Gondomar, Viladesuso, en Oia, no Ulla – Sar, en Valga, Catoira e Padrón, ou no Fontecova, en Viveiro.

Auga con garantía: O obxectivo é afrontar o reto do cambio climático na xestión da auga, buscando unha maior garantía nos recursos hídricos necesarios para cubrir as demandas e respectando os caudais ecolóxicos, mediante distintas accións contempladas no orzamento do ano 2024, cun importe total de 23,0 M€.

Destacan accións relacionadas coa interconexión dos grandes sistemas de abastecemento, para facelos máis resilientes, como a Ampliación da ETAP do sistema de abastecemento do Barbanza. Tamén se prevén outras actuacións no ámbito local, tal e como se indica nos investimentos, como a Mellora do abastecemento de Noia, a Mellora do abastecemento de Teixeira, en Curtis, a Mellora no abastecemento de A Laracha, o Abastecemento a Nantón e Anós, en Cabana de Bergantiños, a Mellora do abastecemento a Arbo, a Mellora do abastecemento de Betanzos, a Mellora do abastecemento de Baralla, unha nova captación e ETAP en Coristanco, a Mellora da ETAP de Frades, a Mellora do abastecemento de Ares, e diversas actuacións de abastecemento en Pantón, Outeiro de Rei e Arteixo.

Tamén forma parte deste apartado do programa de acción o acompañamento aos concellos no proceso de mellora dos seus sistemas de abastecemento, para reducir as perdas de auga e incrementar a súa eficiencia, mediante a convocatoria de axudas, e o establecemento de axudas específicas e mecanismos de coordinación orientadas a que as Traídas Veciñais melloren a súa xestión da auga.

Este apartado complétase con accións específicas para identificar novas reservas estratéxicas de auga para determinados usos, como os ocos mineiros abandonados, e o estudo da reutilización da auga no ámbito industrial, explorando as posibilidades existentes para as principais industrias de Galicia, que se encadra dentro dos traballos previstos do novo Plan galego de saneamento.

**Auga accesible:** Outro dos grandes obxectivos de Augas de Galicia é continuar avanzando en converter a auga e a súa xestión nun elemento accesible a toda a poboación. En 2024 destinaranse 14,1 M€.

Durante o próximo ano continuarase coas actuacións enfocadas a mellorar o acceso aos servizos públicos de abastecemento e saneamento de toda a poboación e, especialmente, no rural, avanzando no ambicioso programa de execución de obras que se están executando en colaboración cos concellos. Neste sentido, tal e como se detalla nos investimentos, o orzamento contempla partidas específicas para obras de saneamento e depuración en Cerdedo – Cotobade, Triacastela, Malpica de Bergantiños, O Pino, Rois, Boqueixón, Salvaterra do Miño, Melide, Vedra, Monterroso, Cenlle, Pantón, Lousame, Crecente, Ordes, Outeiro de Rei, Padrón ou Porto do Son.

Facer a auga máis accesible tamén implica simplificar as tramitacións coa administración hidráulica de Galicia para mellorar o acceso á auga, como os baseados en declaracións responsables. Como continuación das accións de simplificación incluídas no Decreto autonómico 1/2015 e no Decreto autonómico 42/2020, durante o ano 2024 o persoal de Augas de Galicia tamén traballará para a posta en marcha de procedementos máis sinxelos para a autorización das verteduras de menor entidade, as das vivendas unifamiliares que dispoñan de depuración autónoma.

A mellora das traídas de auga veciñal forma parte tamén da acción deste organismo para acadar unha auga accesible. Por elo, durante o ano 2024 volveranse convocar axudas ás Comunidades de Usuarios para mellorar as súas instalacións. Así mesmo, e despois da experiencia de Augas de Galicia cos plans de abastecemento autónomo dos concellos de Cerdedo – Cotobade, Oia, Mondariz, San Xoan de Río, Baleira e Oimbra, durante o ano 2024 porase en marcha unha nova convocatoria de axudas para que outros concellos poidan tamén desenvolver os seus plans.

**Auga dixital e conectada:** A dixitalización, a medición, a obtención de datos, a súa conexión son ferramentas indispensables na actualidade para mellorar a xestión da auga. Esta entidade está aproveitando as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías neste campo e leva anos investindo en proxectos de investigación e innovación, tan relevantes como o Innovaugas 4.0, para que a xestión dos recursos hídricos sexa máis eficiente e transparente. Este camiño xa emprendido non ten volta atrás. Os orzamentos para o ano 2024 contemplan un total de 10,5 M€ en distintas partidas que contribuirán a seguir avanzando.

○ despregue do proxecto Innovaugas 4.0, mediante a incorporación ás plataformas dixitais desenvolvidas das redes de control, da rede foronómica, das analíticas de auga, do estado das masas de auga, dos estudos hidromorfolóxicos, etc., permitirán unha mellor calibración dos modelos e optimizar as predicións dos novos sistemas. Este traballo terá a súa continuidade noutros proxectos que na actualidade está preparando o persoal de Augas de Galicia, enfocados a mellorar a interacción cidadá co organismo en tempo real e a desenvolver modelos que permitan xestionar de forma axeitada os diferentes usos susceptibles de producir afeccións sobre o medio acuático, coa finalidade de asegurar o cumprimento do bo estado de todas as masas de auga.

Ademais, a dixitalización do libro de rexistro da administración autonómica da auga, que se iniciará no ano 2024, permitirá axilizar as tramitacións que realiza Augas e dispoñer dunha información exhaustiva de todo o que se autoriza nos nosos ríos.

Este marco de acción para acadar unha auga dixital e conectada complétase co impulso que se lle quere dar á dixitalización dos abastecementos e saneamentos municipais, cunha importante partida para instalar equipos de medición e control cos que simplificar e optimizar a súa xestión. Toda esta información estará dispoñible no Centro de Xestión da Auga que se creará como unha gran plataforma común a todos os xestores da auga na que compartir toda a información sobre os recursos hídricos dispoñibles, a súa dispoñibilidade e a súa evolución.

Auga profesional: A profesionalización da auga é un dos grandes obxectivos da xa mencionada Lei 1/2022. Durante 2024 Augas de Galicia asignará 1,4 M€.

Crearase a Escola da Auga, como un marco de formación continua en materia de augas compartido con outras administracións e cos usuarios da auga. Diseñárase e porase en marcha un plan de formación continua en materia de auga, orientada a persoal técnico de concellos, empresas xestoras, enxeñerías, etc. O obxectivo é preparar material didáctico específico e impartir cursos de formación orientados ás necesidades concretas de cada un dos sectores. Esta Escola da Auga tamén terá presente ás comunidades de usuarios, de tal xeito que apoiándose nos principais colectivos existentes, se establecerá un marco de colaboración para fomentar a formación dos comuneiros.

Mediante unha convocatoria de axudas enfocadas a asociacións relacionadas coa educación ambiental, Augas de Galicia fomentará o desenvolvemento dun programa de educación para a sustentabilidade dos ríos. Este programa completárase con accións específicas de difusión, divulgación e sensibilización en materia de augas, enfocadas a que toda a sociedade sexa partícipe da importancia da auga e da súa boa xestión.

As accións encarreiradas ao obxectivo da auga profesional complétanse con accións específicas de cooperación, acordos coa Estratexia galega de acción exterior. Deste xeito,

durante o ano 2024 o orzamento inclúe unha partida específica para o fortalecemento das capacidades para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique.

Auga eficiente: O programa de acción para 2024 non é alleo ao contexto socioeconómico onde se desenvolve a actividade desta entidade. Por elo, cos orzamentos do próximo ano búscase acadar unha maior eficiencia das instalacións de saneamento e depuración e das de abastecemento con partidas por importe de 0,5 M€.

Dentro deste ámbito destaca a posta en marcha dunha estratexia para acadar a neutralidade enerxética nas depuradoras de Galicia. Esta estratexia está enfocada a analizar en detalle o funcionamento das depuradoras de Galicia desde a perspectiva do seu consumo enerxético, co fin de formular propostas para a súa redución e acadar no conxunto Galicia a neutralidade enerxética, tendo en conta o potencial de uso de enerxías renovables, da produción de biogás e da redución de emisións de metano.

## I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2024	CONCELLO
ABASTECIMENTO A NANTÓN E ANÓS. CABANA DE BERGANTIÑOS	2.024	2.025	1.363.982	521.703	1508014
ABASTECIMENTO E SANEAMENTO AO CANEDO DENDE MESÓN DO VENTO	2.024	2.025	392.396	81.761	1529059
ABTO ARTEIXO REFORZO SUBM AUGA TREITO II.CONEX MORÁS	2.021	2.024	3.436.035	310.537	1513005
ACT MENORES DE PROTECCIÓN DO DPH	2.023	2.024	110.000	25.000	
ACTUAC.ABTO. AUGA POTABLE PARROQ.SAN VICENTE CASTILLÓN, SANTIAGO CASTILLÓN. PANTÓN	2.021	2.024	663.756	300.091	2745041
ACTUACIONES SINALIZACION ARPSIS GALICIA COSTA	2.023	2.024	857.223	288.084	
ACTUACIÓN DE MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO E NOVA EDAR DE OUTEIRO DE REI	2.024	2.026	2.242.000	242.000	2721039
ACTUACIÓNS DE ABASTECIMENTO NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (LUGO)	2.021	2.025	180.557	15.182	2721039
ACTUACIÓNS DE MELLORA NA ETAP CERVO BURELA	2.024	2.024	175.000	175.000	2723013
ADECUACIÓN DA CAPACIDADE DE TRANSPORTE DA EBAR DE COCHERAS Á CAPACIDADE EDAR PRACERES	2.024	2.024	3.053.022	90.000	3634038
ADQUISICIÓN PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	2.024	2.024	300.000	300.000	1538078
AMPLIACIÓN DA EDAR DE TRIACASTELA	2.024	2.025	590.005	118.114	2740062
AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN TORREVELLA. CERDEDO-COTOBADE (PONTEVEDRA)	2.024	2.025	394.278	164.295	3641902

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2024	CONCELLO
AMPLIACIÓN DECANTACIÓN SECUNDARIA E OUTRAS ACTUACIÓNS DE MELLORA NA EDAR DE TRAGOVE. CAMBADOS (PONTEVEDRA)	2.021	2.025	6.613.078	3.355.593	3637006
AMPLIACIÓN EDAR VILAGARCÍA	2.024	2.025	24.600.167	100.167	3637060
AT INTERV,CONT SEGUIM VERTIDOS AUGASRESIDUAISDHGC	2.023	2.024	428.159	428.159	
AT MANT, CONSERVACIÓN E MELLORA DPH GALICIA COSTA	2.023	2.024	307.772	307.772	
AT SUPERVISION TECN-TRAMITACION ADMVA DE PROXECT	2.024	2.024	335.602	335.602	
CAMPAÑA DIFUSIÓN E DIVULGACIÓN EN MATERIA DE AGUAS	2.023	2.024	400.000	400.000	
COLECTORES DE SANEAMENTO E EDAR EN BEO. CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA)	2.024	2.025	924.373	192.592	1508043
CONV.AG E CONC LEIRO BOBORÁS PARA RENOVACIÓN DA TUBAXE DENDE PAZOS DE ARENTEIRO Á ESTACIÓN TRATAMENTO AUGA POTABLE	2.022	2.024	374.655	37.785	3211013
CONV.AG E O CONCELLO DE LARACHA PARA A MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO DE LARACHA.FASE I.LARACHA (A CORUÑA)	2.023	2.024	2.093.968	901.068	1508041
CONV.AG E O CONCELLO DE PADRÓN PARA A AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO CONCELLO PADRÓN, HERBÓN, PAZOS, ADUANA, PARAÍSO E PALOMAR	2.023	2.024	1.066.431	385.817	1539065
CV CESGA ALERTA TEMPERÁ RISCO INUNDACIÓN DHG COSTA	2.023	2.024	12.866	12.866	
DESENVOLV E EXEC PLAN CONTROL VERTIDOS ZONA NORTE	2.023	2.024	403.280	403.280	
DESENVOLV E EXEC PLAN CONTROL VERTIDOS ZONA CENTRO	2.023	2.024	772.104	772.104	
DESENVOLV E EXEC PLAN CONTROL VERTIDOS ZONA SUR	2.023	2.024	429.322	429.322	
EDAR DE FOZ.LUGO	2.021	2.025	11.253.804	5.695.000	2722019
EDAR E REDE DE SANEAMENTO PARA 3 PARROQUIAS DE O PINO.A CORUÑA	2.021	2.024	2.157.827	625.431	1503066
ELABORACIÓN REDACCIÓN PLAN DE SANEAMENTO DE GALICIA	2.021	2.024	200.000	200.000	1538078
ENCARGO MEDIO PROPIO TRAGSATEC EXECUCIÓN DO SERVIZO DE APOIO A AUGAS NAS ACTUACIÓNS FINANCIADAS CON FEDER	2.021	2.025	593.440	152.371	1538078
ESCOLA DA AUGA	2.024	2.024	59.871	59.871	1538078
ESTRATEGIA NEUTRALIDADE ENERXÉTICA EN EDAR DE GALICIA	2.024	2.024	150.000	150.000	1538078
ESTUDO DE RESERVAS ESTRATÉXICAS DE AUGA DA DHGCOSTA	2.024	2.024	20.000	20.000	1538078
EXPLOT E MANT REDE FORONOM+REDE CAVE GALICIA COSTA	2.022	2.024	579.507	579.507	
IMPLANTAC SIST.CONTROL EFLUENTE EDAR ALFOZ	2.022	2.024	101.061	101.061	2722002

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2024	CONCELLO
INTERCEPTOR DE AUGAS RESIDUAIS EN ESPERANTE. LUGO	2.024	2.026	2.400.000	100.000	2721028
MANT, CONSERV E MELLORA DPH GALICIA COSTA GALICIASUR	2.023	2.024	834.239	834.239	
MANT, CONSERV MELLORA DPH GALICIA COSTA GALICIA CENTRO	2.023	2.024	740.080	740.080	
MANT, CONSERV MELLORA DPH GALICIA COSTA GALICIA NORTE	2.023	2.024	798.540	798.540	
MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DO RISCO DE INUNDACIÓN NA ARPSI DO RÍO ANLLÓNS	2.021	2.024	6.312.599	5.421.536	1508019
MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DO RISCO DE INUNDACIÓN NA CONFLUENCIA DOS RÍOS MIÑOR E ZAMÁNS. GONDOMAR	2.024	2.024	2.118.304	1.969.843	3652021
MELLORA ABASTECIMENTO E SANEAMENTO PÚBLICO NAS PARROQUIAS DE LARÍN E MONTEAGUDO, NO RURAL DO CONCELLO DE ARTEIXO	2.020	2.025	545.000	498.665	1513005
MELLORA ABASTECIMENTO SISTEMA MARXE DEREITA RÍA DE AROUSA. AMPLIACIÓN ETAP SISTEMA ABASTECIMENTO AO BARBANZA	2.022	2.026	9.615.305	6.908.765	1539065
MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE NAVALLO. RÍOS (OURENSE)	2.023	2.024	402.387	107.985	3250071
MELLORA DAS REDES DE SANEAMENTO E NOVA EDAR DE BURELA	2.021	2.025	17.195.933	2.693.500	2722902
MELLORA DO ABASTECIMENTO DE AUGA AO CONCELLO DE BARALLA (LUGO)	2.024	2.026	2.047.626	189.957	2731901
MELLORA DO ABASTECIMENTO NO NÚCLEO DE TEIXEIRO. CURTIS. ACORUÑA	2.022	2.024	2.941.087	1.575.032	1509032
MELLORA DO BOMBEO E COLECTOR DE CABANELAS. CAMBADOS E RIBADUMIA (PONTEVEDRA)	2.023	2.024	1.160.523	102.296	3637006
MELLORA DO COMPORTAMENTO HIDRÁULICO DO RÍO VILADESUSO. FASEII. OIA	2.022	2.024	413.189	413.189	3605036
MELLORA DO SANEAMENTO DA PARROQUIA DE TENORIO. CONCELLO DE COTOBADE (PONTEVEDRA)	2.019	2.024	1.824.599	17.078	3641902
MELLORA DO SANEAMENTO DE CEDEIRA	2.022	2.024	751.069	13.322	1517022
MELLORA DO SANEAMENTO NO CONCELLO DE ROIS. ROIS (A CORUÑA)	2.023	2.024	946.615	298.082	1539074
MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DE BETANZOS	2.021	2.024	1.693.294	487.033	1509009
MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DE NOIA	2.023	2.025	1.560.800	1.373.709	1528057
MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DE ARES	2.024	2.026	4.263.152	973.028	1517004
MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO NO CONCELLO DE ARBO	2.023	2.024	2.289.147	490.969	3633001
MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO DE MOGOR	2.024	2.024	3.000.167	80.000	3624026

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2024	CONCELLO
MELLORA DOS SISTEMAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN NA RÍA DE MUROS E NOIA	2.024	2.026	21.578.623	1.743.000	1528057
MELLORA E OPTIMIZACIÓN FUNCIONAMENTO SISTEMA SNT0 PARROQUIASLESTEDO E SERGUDE E NOVA REDE SNT0 NOUTRAS PARROQ. BOQUEIXÓN	2.021	2.024	2.277.240	10.000	1538012
MELLORA INFRAESTRUTURAS SANEAMENTO CONCELLO SALVATERRA DE MIÑO: NOVA EDAR DO MENDO. SALVATERRA DE MIÑO (PONTEVEDRA)	2.024	2.025	2.269.396	420.629	3612050
MELLORA SANEAMENTO MARIN RIO LAMEIRA	2.021	2.025	3.440.657	970.367	3624026
MELLORA SANEAMENTO SANTA MARIA. MELIDE	2.023	2.024	152.750	12.655	1546046
MELLORA SIS. SANEAMENTO E DEPURAC. RÍA VIGO - LIC ENSENADA SAN SIMÓN. ARCADE	2.024	2.024	100.167	100.167	3652053
MELLORA SISTEMA SANEAMENTO NO CONCELLO DE CAMBADOS	2.021	2.025	2.500.885	1.325.000	3637006
MELLORA SISTEMA SANEAMENTO NOS CONCELLOS DE CEE E CORCUBIÓN	2.022	2.024	9.772.248	3.524.625	
MELLORA SISTEMAS DE SNT0 E DEPURACION NA RIA AROUSA-A ILLA	2.021	2.025	1.100.167	100.167	3637901
MELLORA SISTEMAS DE SNT0 E DEPURACION NA RIA AROUSA-VILAGARCIA DE AROUSA	2.021	2.025	9.149.109	3.462.020	3637060
MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASES II E III. A CORUÑA.	2.021	2.025	4.681.413	2.330.000	1516015
NOVA CAPTACIÓN ETAP DE CORISTANCO	2.024	2.026	508.605	155.419	1508029
NOVA REDE DE SANEAMENTO EN PUNTOS DO RURAL DO CONCELLO DE VEDRA	2.022	2.024	1.305.090	10.000	1538089
NOVO BOMBEO E DEPÓSITO DE RETENCIÓN DE A SECA E MELLORA DA EBAR DE PORTO CAMPELO	2.024	2.024	3.040.501	80.000	3634041
NOVO BOMBEO E DEPÓSITO DE RETENCIÓN DE RECHEO. POIO (PONTEVEDRA)	2.024	2.024	3.020.334	80.000	3634041
OBRA DE MELLORA DO SANEAMENTO E DA DEPURACIÓN NO CONCELLO DE MONTERROSO. FASE I. MONTERROSO (LUGO)	2.022	2.025	3.818.928	1.584.735	2701032
OBRA DEMOLICIÓN AZUD RÍO LANDRO. MIÑOTOS. OUIROL	2.023	2.024	83.423	83.423	2723038
OBRAS COLECTOR INTERCEPTOR RÍO SARDIÑA. TRAMO A MALATA-PONTE EST. A MALATA	2.021	2.025	1.188.521	604.407	1517036
PLAN DE SANEAMENTO DA COMARCA DE VERÍN	2.024	2.024	484.998	484.998	3250050
PLAN ESPECÍFICO PARA XESTIÓN INUNDACIÓNS NA ARPSI RÍO ULLA-SAR	2.021	2.025	6.434.879	661.970	1506072
PLAN HIDROLOXICO GALICIA COSTA	2.021	2.024	170.058	170.058	
PROTECCIÓN E ADAPTACIÓN AO RISCO DE INUNDACIÓN E INTEGRACIÓN AMBIENTAL EN GALICIA (bosque de Ribeira. Umia)	2.023	2.026	2.360.859	584.725	3637006



INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2024	CONCELLO
PROTECCIÓN E ADAPTACIÓN AO RISCO DE INUNDACIÓN E INTEGRACIÓN AMBIENTAL EN GALICIA (río fontecova. Viveiro)	2.024	2.024	660.401	660.401	2723066
PROXECTO INNOVAUGAS, CONVENIO MCIN-AUGAS	2.021	2.026	8.368.282	74.610	1538078
REDACIÓN DE PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS	2.022	2.024	25.000	25.000	
REDE DE SANEAMENTO NOS NÚCLEOS DE A FREIXA, O SOUTO E O EIDO. PARROQUIA DE RIBADETEA. FASE I. PONTEAREAS (PONTEVEDRA)	2.024	2.025	1.669.746	317.654	3612042
REDE DE SANEAMENTO e EDAR PARA OS LUGARES DE DEVESA, A SILVA, BERRIMES, QUINTÁNS E COSTA. LOUSAME	2.024	2.025	1.108.940	563.189	1528042
REDE OSPAR + PREPOTABLES - MASAS AUGAS SUPERFICIAIS	2.023	2.024	631.995	631.995	
REDES CT PLANHIDROL-MASAS AUGA SUPERF-C MED AMBIENTE	2.024	2.024	1.000.000	1.000.000	
REFORMA E MELLORA DA ETAP DE FRADES. FRADES , A CORUÑA	2.024	2.026	471.736	109.369	1529038
RENOVACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS BÁSICAS NA PARROQUIA DE LAIAS. CONCELLO DE CENLLE	2.024	2.025	443.606	138.627	3236025
SANEAMENTO DE DIVERSOS NÚCLEOS PARA A SÚA CONEXIÓN Á REDE MUNICIPAL. PANTÓN.	2.024	2.025	596.362	124.248	2745041
SANEAMENTO E DEPURACIÓN DA ZONA RURAL DE FERROL.	2.023	2.026	9.519.428	414.850	1517036
SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN REBORDECHÁN. CRECENTE (PONTEVEDRA).	2.024	2.025	787.038	122.976	3633014
SANEAMENTO E EDAR EN BER. PONTEDEUME	2.021	2.025	952.446	375.626	1516069
SANEAMENTO NA PARROQUIA DE QUEIRUGA. PORTO DO SON. A CORUÑA	2.023	2.024	1.920.071	600.887	1528071
SANEAMIENTO E DEPURACIÓN EN LALÍN	2.021	2.025	17.610.988	5.465.359	3615024
SISTEMA DE SANEAMENTO EN ALTA DO CONCELLO DE SADA. SADA (A CORUÑA). AMPLIACIÓN EDAR SADA	2.022	2.026	11.205.722	4.080.000	1513075
TOMA MOSTRAS MASAS AUGA SUBTERRÁNEAS.	2.024	2.024	350.000	350.000	
TRANSFORMACIÓN DIXITAL. LIBRO DE REXISTRO DE AUGAS DE GALICIA	2.023	2.026	5.837.394	4.762.062	1538078
TRANSFORMACIÓN DIXITAL. MELLORA DO USO DOS RECURSOS HÍDRICOS EN GALICIA	2.023	2.026	5.544.470	5.310.201	1538078
XESTIÓN DE ENCOROS E APROVEITAMENTOS HIDROELECTRICOS	2.024	2.024	1.479.345	1.479.345	
XESTIÓN TECNICA E ADMINISTRATIVA DO DOMINIO PÚBLICO HIDRAULICO	2.024	2.024	670.203	670.203	1538078
		<b>TOTAL</b>	<b>281.781.220</b>	<b>90.138.950</b>	

O apartado de investimentos de Augas de Galicia para o ano 2024 reflicta o importante programa de acción que esta entidade abordará no próximo ano para avanzar en todos os apartados no que se desagrega: auga de calidade, auga con garantía, auga accesible, auga dixital e conectada, auga profesional e auga eficiente.

Así, pódense subliñar os seguintes investimentos en distintas obras de saneamento e depuración que contribúen a conseguir unha auga de calidade e contarán con cofinanciamento do programa operativo FEDER 2021-2027:

- A Mellora da EDAR de Tragove, que da servizo a Cambados e Vilanova de Arousa, cun importe total máximo previsto de 6.613.078 euros, dos cales se consignan 3.355.593 euros en 2024.

- A Mellora do sistema de saneamento de Cambados, cun importe total máximo previsto de 2.500.885 euros, dos cales se consignan 1.325.000 euros en 2024.

- A Nova EDAR de Foz, da cal se orzan en 2024 5.695.000 euros dun importe total máximo previsto de 11.253.804 euros.

- Os recollidos para Burela, cun importe total máximo previsto de 17.195.933 euros, no que se inclúe tanto a Mellora das redes de saneamento de Burela como a Nova EDAR desta localidade, e dos cales se consignan 2.693.500 euros en 2024.

- A Mellora do sistema de saneamento de Cee – Corcubiión, cun importe total previsto de 9.772.248 euros, dos cales se consignan 3.524.625 euros en 2024.

- A Mellora do saneamento do río Lameira, en Marín, da cal se orzan en 2024 970.367 euros dun importe total máximo previsto de 3.440.657 euros.

- A Mellora da EDAR de Noia que ten consignados 1.743.000 euros para o ano 2024.

- A Mellora do sistema de saneamento de Vilagarcía, da cal se orzan en 2024 3.462.020 euros dun importe total máximo previsto de 9.149.109 euros.

- A Mellora do saneamento de Pontedeume e Cabanas, cun importe total máximo previsto de 4.681.413 euros, dos cales se consignan 2.330.000 euros en 2024.

- A Mellora do saneamento en Lalín que ten consignados 5.465.359 euros para o ano 2024.

- A Nova EDAR de Sada, cun importe total máximo previsto de 11.205.722 euros, dos cales se consignan 4.080.000 euros en 2024.

Este conxunto de obras de saneamento e depuración complétase con outros investimentos iniciados con cofinanciamento REACT e que serán financiados en 2024 con re-

cursos propios da entidade, ou cofinanciados polo FEADER PDR e polo FEADER PEPAC, que contribúen a unha auga accesible, cunha dotación total de 27,7 millóns de euros e unha asignación para o 2024 de 7 millóns de euros, tales como a “Mellora do saneamento e da depuración no concello de O Pino”, a “Ampliación do saneamento no concello de Padrón. Herbón, Pazos, Aduana, Paraíso e Palomar”, distintas obras no rural de Arteixo, a nova EDAR do Mendo, en Salvaterra, actuacións para a Mellora do saneamento e da depuración en Monterroso, o Saneamento en Ribadetea, a EDAR para os lugares de Devesa, A Silva, Berrimes, Quintáns e Costa, en Lousame, ou o Saneamento de Queiruga, en Porto do Son.

Para acadar ese obxectivo programático de auga de calidade son imprescindibles tamén as actuacións para conservar e mellorar o dominio público hidráulico e as súas contornas, mellorando, nas zonas de maior risco, a xestión das inundacións que se poidan producir. Destacan así para o ano 2024 actuacións tan relevantes como:

- A execución do Plan de restauración fluvial no bosque de ribeira, na bacía do río Umia, cun importe total previsto de 2.360.859 euros, dos cales se consignan 584.725 euros para o ano 2024.

- As medidas para a prevención do risco de inundación na confluencia dos ríos Miñor e Zamáns, en Gondomar, cun investimento previsto para o ano 2024 de 2.118.304 euros.

- As medidas para a prevención do risco de inundación na área de risco potencial significativa do río Anllóns, en Carballo, cun importe total previsto de 5.421.536 euros, dos cales se consignan 6.312.599 euros para o ano 2024.

- As medidas para a prevención do risco de inundación na área de risco potencial significativa dos ríos Ulla e Sar, en Padrón, Catoira e Valga, cun importe total previsto de 6.434.879 euros, dos cales se consignan 661.970 euros para o ano 2024.

- A mellora do comportamento hidráulico do río Viladesuso, en Oia, cun investimento total previsto para o ano 2024 de 413.189 euros.

As obras de abastecemento, que contribúen a acadar os obxectivos dunha auga con garantía e dunha auga accesible, do programa de acción de Augas de Galicia para 2024, tamén teñen un papel protagonista, destacando os seguintes investimentos:

- \* mellora do abastecemento do sistema na marxe dereita da ría de Arousa. Ampliación da ETAP do río Ulla para abastecemento á comarca do Barbanza por importe de 9,6 millóns de euros, dos cales 6,9 millóns se consignan en 2024. Esta actuación finánciase con fondos Next Generation.

- \* actuacións de mellora dos sistemas de abastecemento municipal cofinanciados polo FEADER PDR e FEADER PEPAC e polo FEDER do período 2021-2027 como investimen-

to plurianual cunha dotación total de 12,0 millóns, dos cales se prevé executar 5,4 millóns en 2024.

\*remate das actuacións de reparación de sistemas de abastecemento municipal iniciados con REACT e que serán financiados en 2024 con recursos propios da entidade, e que supuxo un investimento plurianual total de 8,6 millóns, dos cales se executará 3,45 millóns en 2024.

Todos estes investimentos en obras de abastecemento, saneamento e depuración acompañanse doutras actuacións imprescindibles para que a súa execución cumpra os obxectivos establecidos, que teñen no ano 2024 unha dotación moi relevante, como son a planificación hidrolóxica e o novo Plan de saneamento de Galicia, investimentos para a redacción de proxectos e investimentos no apoio técnico necesario. Estes investimentos permitirán, entre outras moitas cousas, incrementar as reservas estratéxicas de auga da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa ou incrementar as posibilidades da reutilización da auga, especialmente no sector industrial.

Tamén se inclúen nos distintos investimentos previstos por Augas de Galicia para o ano 2024 as actuacións necesarias para avanzar cara un auga dixital, profesional e eficiente, tales como a Dixitalización do libro de Rexistro de Augas de Galicia, cun investimento previsto para 2024 de 1,8 millóns de euros, dun total previsto de 5,8 millóns de euros, ou a colaboración cos concellos para avanzar na dixitalización dos seus sistemas de abastecemento en alta, cun investimento previsto para 2024 de 2,3 millóns de euros, dun total de 5,5 millóns. Incorporáanse tamén no apartado de investimentos de Augas de Galicia actuacións específicas para a posta en marcha da Escola da Auga e o desenvolvemento dunha Estratexia galega para acadar a neutralidade enerxética nas EDAR de Galicia.

### I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
PROVINCIA DA CORUÑA		374.743	1.996.821
CONCELLO DE ARZÚA		0	20.408
CONCELLO DE BOIMORTO		0	20.408
CONCELLO DO PINO		0	649.555
CONCELLO DE TOURO		0	24.124
CONCELLO DE BOIRO		154.000	24.124
CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL		955.004	20.408
CONCELLO DE RIANXO		154.000	103.154
CONCELLO DE RIBEIRA		238.043	20.408
CONCELLO DA BAÑA		0	20.408
CONCELLO DE NEGREIRA		0	20.408
CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS		0	537.326
CONCELLO DE CARBALLO		0	5.457.419
CONCELLO DE CORISTANCO		0	202.573
CONCELLO DE LAXE		180.031	15.463

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
CONCELLO DA LARACHA		0	936.803
CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS		0	271.314
CONCELLO DE PONTECESO		0	19.179
CONCELLO DE ARANGA		0	15.463
